

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A FUNDACIÓN FRANCISCO AYALA PARA A PUBLICACIÓN DO EPISTOLARIO DE FRANCISCO AYALA

En Santiago de Compostela, a 4 de maio 2016

REUNIDOS

Dunha parte, , Presidente do Consello da Cultura Galega, nomeado polo Decreto 78/2014, do 26 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* número 125, de 3 de xullo de 2014), no exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega e o Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG número 150, do 5 de agosto de 2008).

Doutra parte, , Secretario do Patronato da Fundación Francisco Ayala, con CIF nº G-18489856 e, cos máis amplos poderes para representar á Fundación, segundo acordo adoptado polo Patronato da mesma na súa reunión de 17 de xullo de 2006, elevado a público ante o notario

Ambas partes comparecentes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente Convenio de colaboración e, para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Consello da Cultura Galega ten como obxectivo, de conformidade co previsto na súa lei de creación, a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego.

Segundo.- Que entre os obxectivos do Consello da Cultura Galega figura a recuperación e difusión da correspondencia da cultura galega, para o que se desenvolveu o proxecto Epistolarios, accesible a través da web <http://epistolarios.consellodacultura.org>.)

Terceiro.- Que a Fundación Francisco Ayala é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten por obxecto custodiar o legado creativo, intelectual e material de Francisco Ayala e promover o estudo e difusión da súa obra.

Á vista do anteriormente exposto, ambas partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto do Convenio de Colaboración

O presente Convenio ten por obxecto a determinación das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Fundación Francisco Ayala e o Consello da Cultura Galega para a posta en rede e divulgación do epistolario de Francisco Ayala.

SEGUNDA.- Obrigas das partes asinantes

Corresponde ao Consello da Cultura Galega poñer a disposición da Fundación Francisco Ayala a aplicación informática “Epistolario”, co fin de que esta última poida publicar na rede e poñer a disposición gratuíta do público as cartas emitidas ou recibidas por Francisco Ayala.

Corresponde exclusivamente á Fundación Francisco Ayala a xestión dos permisos necesarios para este fin por parte das entidades depositarias das cartas e dos propietarios lexítimos dos dereitos de propiedade intelectual de cada unha delas, eximindo ao Consello da Cultura Galega de calquera responsabilidade ao respecto.

A Fundación Francisco Ayala comprométese a facer uso da aplicación “Epistolario” de titularidade do Consello da Cultura Galega, co único fin de publicar e poñer en rede as cartas de Francisco Ayala.

TERCERA.-Financiamento e titularidade do proxecto

A Fundación Ayala reconece a titularidade exclusiva do Consello da Cultura Galega da aplicación “Epistolario” e comprométese a empregar gratuitamente a mesma co único e exclusivo fin de poñer en rede as cartas de Francisco Ayala.

O Consello da Cultura Galega comprométese a ceder á Fundación Francisco Ayala, gratuitamente e co único fin previsto neste Convenio, a aplicación “Epistolario”.

CUARTA.- Difusión e colaboración das partes

En tódalas publicacións dixitais ou en papel editadas ao amparo deste acordo deberán figurar, con igual rango e consideración, o logotipo da Fundación Francisco Ayala e o propio do Consello da Cultura Galega.

Sexa cal fose o medio de difusión das publicacións derivadas deste convenio, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e dos termos deste convenio.

QUINTA.- Comisión de seguimento do convenio

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representados cada un das entidades e órganos afectados polo mesmo. Esta Comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do Convenio, e estará formada por dous representantes do Consello da Cultura Galega e dos representantes da Fundación FranciscoAyala.

SEXTA.- Vixencia do convenio

O presente convenio de colaboración estará vixente desde a data da súa firma, ata o remate dos traballos previstos no mesmo pola Fundación Francisco Ayala antes do 30 de xuño de 2017.

SÉPTIMA.- Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio de colaboración o mutuo acordo das partes e o incumprimento, total ou parcial, das cláusulas contidas nel.

OCTAVA.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión de Seguimento do convenio e, no caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas á coñecemento dos tribunais de orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente Convenio por triplicado, no lugar y data sinalados no encabezamento.

POLO CONSELLO
DA CULTURA GALEGA

POLA FUNDACIÓN AYALA

Ramón Villares Paz

Rafael Juárez Ortiz